



ROGO PARA A INCORPORACIÓN DUNHA FERRAMENTA DE BUSCA NO PERFIL DO CONTRATANTE DA PÁXINA WEB MUNICIPAL

O concelleiro que subscribe, pertencente ao Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como sinala no seu preámbulo a Lei 19/2013, do 9 de decembro, a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser los eixes fundamentais de toda acción política. Conforme a esa premisa, o Concello de Santiago veu dando pasos importantes nos últimos anos para facer máis accesible a súa actividade e funcionamento, incrementando as posibilidades de consulta e disposición de información a través das novas tecnoloxía e, en particular, mediante o seu portal da rede internet.

A oferta de información institucional, cada paso máis abundante e complexa, para que sexa de utilidade debe responder a uns principios organizativos, entre os que se atopa o de accesibilidade que recolle a citada Lei 19/2013 cando indica que “se proporcionará información estruturada sobre os documentos e recursos de información con vistas a facilitar a identificación e busca da información”.

No caso da información relativa á contratación municipal e, en concreto, no relativo ás licitacións e adxudicacións que promove o Concello resulta de gran dificultade a busca de procedementos sobre obras ou servizos concretos, dado que a información dispoñible abrangue máis de unha década e a súa consulta –á parte dun simple filtro sobre o tipo e situación dos contratos– unicamente se pode facer revisando páxina a páxina desde a información máis actual ata dar co procedemento interesado.

Para simplificar e facilitar a procura de información sería de utilidade para o conxunto da cidadanía que se incorporara no apartado de contratación municipal un mecanismo que fixera posible a busca por palabras clave, que permitira a elección de criterios ou condicións para definir o procedemento que se desexa atopar. Ofreceríase así un mellor servizo e un incremento da transparencia do funcionamento e control da actuación pública.

Tendo en conta o anterior, formúlase o seguinte rogo:

Que o por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se adopten as medidas necesarias para incorporar un mecanismo de busca por palabras clave na páxina web do portal de transparencia do Concello no apartado dedicado á contratación municipal.

Santiago de Compostela, a 12 de febreiro de 2019

Pedro Rey Sanchiz

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela